

## Obradoiro: FORMACIÓN PARA CADROS DIRECTIVOS DE COOPERATIVAS

[ En colaboración coa Rede Eusumo ]

|                     |  |          |                           |
|---------------------|--|----------|---------------------------|
| DATAS REALIZACIÓN   | 02-20/03/2021  | DURACIÓN | 20 horas                  |
| HORARIO             | Celebraranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe os días 3 e 18 de marzo en horario de 11:00 a 12:30hs<br>As persoas titoras estarán dispoñibles no seguinte horario: luns a venres de 16:30 a 18:00hs. |          |                           |
| LUGAR CELEBRACIÓN:  | Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop   <a href="http://aulaespazocoop.com">http://aulaespazocoop.com</a>  |          |                           |
| PERSONA DE CONTACTO | Patane García Méndez   | teléfono | 881 887 456 / 697 877 773 |
|                     |  | e-mail   | patane@espazo.coop        |

### PARA INSCRIBIRSE PREMA AQUÍ

#### OBXECTIVOS

- Desenvolver unha axeitada función xerencial nas cooperativas e empresas de economía social. Aposar dende a práctica as condicións necesarias para a xestión do modelo cooperativo.
- Contribuír a poñer en valor as achegas sociais e económicas das cooperativas .
- Dar a coñecer recursos e ferramentas útiles para as persoas socias e os equipos técnicos das cooperativas e empresas da economía social.
- Potenciar a creación de redes de intercambio e colaboración entre as persoas socias con responsabilidades xerenciais.

#### PROGRAMA

Módulo1.- Formación en Xestión Cooperativa.  
Módulo 2.- Habilidades Sociais e Organización Societaria en cooperativas.  
Módulo 3.- Plan de Mellora e Recursos disponibles.

#### CONTIDOS

**A economía social, unha forma propia de facer empresa.** Especificidades das empresas da economía social. Características básicas. As empresas de economía social en Galicia. Plan Estratéxico do Cooperativismo. Casos de boas prácticas. O Organigrama. Os órganos rectores. O papel de empregado/a e xefe/a. Casos prácticos.

**As habilidades sociais para a cooperación.** A toma de decisións cooperativa. O liderado nas cooperativas. Comunicación, empatía e asertividade. Organización cooperativa. A función xerencial en relación aos órganos sociais. O Regulamento de Rexime Interno. Asembleas e xuntanzas.

**A área comercial e de mercado e área económico-financiera.** Produto, prezo, clientes, provedores, competidores, a intercooperación. A realidade da economía social neste área. Aplicación da ferramenta de plan de mellora. Casos prácticos. Especificidades. A contabilidade e fiscalidade. As contas previsionais (resultados e tesourería previsual). Casos prácticos.

**A planificación estratéxica e ferramentas para o plan de mellora.** e Misión, visión, obxectivos. Diagnose para a mellora. A capacidade emprendedora. A xestión do cambio. A matriz estratéxica. Ferramentas de participación para a definición de obxectivos. Casos prácticos: DAFO inicial. Lista de chequeo. Aplicación práctica da ferramenta de mellora, en relación coas áreas de comercialización, económico-financiera, organización interna e planeamento. Recursos para as empresas da economía social.

#### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

As persoas que non podían participar nelas terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

#### DIRIXIDO A

Persoas socias e asalariadas de cooperativas participantes nos cadros directivos das súas organizacións ou que estean interesadas en desenvolver as súas capacidades para desempeñar estas funcións. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.